



CAMPO DE VOLUNTARIADO “LUCES DE BOIMORTO” (BOIMORTO - A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PAZAS
4 – 15 /09/2021	18-30	Estatal	Festival e medioambiental	12



LOCALIZACIÓN

O concello de Boimorto está localizado no sureste da provincia da A Coruña. Sitúase no centro do triángulo imaxinario que forman as tres grandes cidades do norte de Galicia: Santiago de Compostela, A Coruña e Lugo. É tamén lugar de paso do Camiño Norte de Santiago.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO DE VOLUNTARIADO

As actuacións programadas consistirán, en primeiro termo, en tarefas de limpeza de vexetación espontánea, retirada de broza; corta manual de vexetación arbustiva invasora (maleza) e retirada de acumulacións de lixo no Castro Coto da Roda.

E, en segundo termo, de levarse a cabo a tala da masa arbórea que poboa o seu perímetro, realizarase primeiro unha recollida manual dos restos da mesma así como un tratamento puntual de rebrotes e cachopas. Por último, de darse o caso, e prevendo que é moi probable que tras a limpeza superficial aparezan afloramentos rochosos procederase á súa limpeza manual baixo estrito control arqueolóxico.

E por outro lado, axudar na organización do Festival de la Luz, que se ven desenvolvendo en Boimorto dende o ano 2012 con fins solidarios, tanto nos días previos como durante o propio fes-



tival; permitindo que o voluntariado poida desfrutar da experiencia única de vivir un festival de música desde dentro.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Ximcana: Unha busca do tesouro polas inmediacións das instalacións, por parte da Etapa 32 do Camiño do Norte, onde mediante o traballo en equipo haberá que atopar os materiais que necesitaremos para a supervivencia no campo.
- Batalla de arqueir@s: Xogo no que dous equipos de arqueir@s enfróntanse poñendo a proba a súa puntería: menos mal que as frechas na punta teñen gomaespuma!
- Cultivo de shiitake na madeira dos castiñeiros e os carballos, e faremos un pequeno tronco para que cada persoa poida obter facilmente os seus propios cogumelos a base de humidade e sol.
- Área Recreativa de Ponte do Castro, praia fluvial.
- Ruta dos Megalitos de Toques
 - Observación Astronómica
 - Visitaremos o Mosteiro cisterciense de Santa María de Sobrado e a lagoa. Faremos a Ruta da Carballeira, lugar de rodaxe do film El bosque animado, de José Luis Cuerda.
 - Ruta dos Muíños de Vilasantar – Batán de Mezonzo



CAMPO DE VOLUNTARIADO “LUCES DE BOIMORTO” (BOIMORTO - A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
4 – 15 /09/2021	18-30	Estatal	Festival e medioambiental	12

COMO CHEGAR

Desde Santiago de Compostela, dende Lugo (con trasborro en Arzúa) www.monbus.es realiza o servizo de transporte por estrada ata Boimorto.

Dende A Coruña, con www.arriva.gal chégase ata Vilasantar, pero dende alí a única forma de chegar a Boimorto é en taxi.

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

O aloxamento será na casa de turismo rural Abeiro da Loba

<https://abeirodaloba.com/>



INCORPORACIÓN

El primer día del campo, a partir de las 16h en la Casa do Concello de Boimorto

Rúa Vilanova, 1, 15816 Boimorto (A Coruña)

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do carné xove, título de familia numerosa ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

DEVOLUCIÓN DE LA CUOTA

Devolverase a cota no caso de suspensión da actividade.

Cando se produza un ingreso hospitalario ou outra causa médica grave, que afecte á persoa e lle impida incorporarse ao campo de voluntariado. Esta causa debe acreditarse cos informes médicos pertinentes e/ou do hospital no que se atopa ingresado o/a interesado/a ou no caso de ter

que abandonar a actividade por motivos relacionados co Covid-19 sempre e cando no transcurra máis del 50% dos días de duración do campo.

Por falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde se atope ingresado o familiar, ou con certificado de defunción, de ser o caso.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha.
- Saco de durmir, esteira e mochila para rutas.
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo
- Ropa: de deporte (sudadeiras...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío), de traballo (guantes, gorro)

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poideran producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poidera derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Tfno.: 981 957 115

camposdetraballo.xuventude@xunta.gal

www.facebook.com/xuventude.net

INFORMACIÓN ADICIONAL

www.xuventude.net. Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de traballo, lecer e tempo libre, actividades, formación...

www.xacobeo.es. Páxina oficial sobre o Camiño de Santiago e outros eventos

www.turgalicia.es. Portal de información turística de Galicia



CAMPO DE VOLUNTARIADO “LUCES DE BOIMORTO” (BOIMORTO - A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
4 – 15 /09/2021	18-30	Estatal	Festival e medioambiental	12

